

RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas a relación provisional de admitidos e excluídos, as puntuacións provisorias e a adxudicación provisional correspondente ao concurso de traslados específico de prazas nos equipos de orientación específico, convocado mediante a Orde do 12 de abril de 2023 (DOG n.º 78, do 24 de abril)

Mediante a Orde do 12 de abril de 2023 convocouse concurso de traslados específico entre o persoal docente funcionario de carreira do corpo de catedráticos e funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de orientación educativa, para cubrir prazas nos equipos de orientación específicos (DOG n.º 78, do 24 de abril 24 de abril).

A base oitava desta convocatoria pública establece que a asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas concursantes a realizaraá unha comisión de selección, agás á epígrafe III do anexo III do baremo que se refire ás publicacións que será efectuada pola mesma comisión que resulte para o concurso de traslados de ámbito estatal, convocado mediante a Orde do 4 de outubro de 2022.

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e do baremo alegado polas persoas concursantes nesta convocatoria, de acordo co disposto na base décimo segunda da dita convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, o baremo provisional e a adxudicación provisional e facelas públicas no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta Comisión de Selección

RESOLVE

Primeiro. Aprobar e facer pública, no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal, como anexo I desta resolución a relación provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas, coa especificación da/s causa/s de exclusión.

Ao tempo declarar admitidas de xeito provisional a todas as persoas concursantes.

Segundo. Aprobar e facer pública, no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal, como anexo II desta resolución, as puntuacións provisionais, como resultado da aplicación do baremo que rexe de conformidade coa base sétima desta orde, asignadas a cada unha das persoas concursantes admitidas.

Terceiro. Adxudicar de xeito provisional e facer público na páxina web desta consellería www.edu.xunta.gal, como anexo III desta resolución, o destino das persoas concursantes seleccionadas para cubrir as prazas que se especifican, consonte ao establecido na base décimo primeira desta orde e segundo a orde de prelacións sinalada polas persoas concursantes na súa solicitude.

Ao tempo, declarar deserto unha das vacantes correspondente á especialidade de trastornos xeneralizados de desenvolvemento asignada ao Equipo de Orientación Específico da provincia de Lugo, ao non constar presentados o suficiente número de persoas candidatas solicitantes.

Cuarto.-De conformidade co apartado segundo da base décimo segunda desta orde, as persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións contra a citada resolución provisional que coiden convenientes dirixidas a esta Comisión de Selección, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no portal, por medios electrónicos.

Quinto. Así mesmo, de conformidade co apartado segundo da base décimo segunda desta orde, o persoal concursante poderá presentar renuncia de participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da dita resolución na páxina web desta consellería.

Esta renuncia afectará todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación.



As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obteñan destino na resolución provisional, xa que, de non o faceren, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo terceira da citada orde, relativa á resolución definitiva

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Luis Canosa Baldomir

